



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván
Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Cidrás Pidre, José
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Membrela Iglesia, Pedro
Montero Muñoz, María
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
Vidal Andión, Antón

DECANOS/DIRECTORES:

Garrido Valenzuela, Irene
González Piñeiro, Luis
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Muñoz López, Luis
Ortiz Torres, Luis
Pereira Domínguez, Alejandro
Pérez Losada, Fermín E.
Rodríguez Fuentes, Gustavo
Sueiro Justel, Joaquín
Vidal Vázquez, Ricardo
PDI-A
Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Domínguez Martín, Jorge
Garriga Domínguez, Ana
Legido Soto, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

PDI-B:

Diéguez Castrillón, M^a Isabel

ESTUDANTES:

Fariñas Valiña, Iago
Quintela Vilariño, Francisco José

PAS:

Bernal Gómez, Rosa
Mollinedo Lois, Carlos

Torres Vázquez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

DESCULPAN ASISTENCIA:

Lago Teijeiro, Xan
Martínez Insua, Ana Elina
Pousada Carballo, José María

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 3 de outubro de dous mil sete, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O mércores, día 3 de outubro de 2007, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 23 de xullo de 2007.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, de comisión de servizos.
4. Aprobación, se procede de prazas a prover mediante concurso de acceso entre habilitados.
5. Resolución do recurso de alzada presentado polo alumno Javier Barreiro Ricón contra o acordo da Xunta da Escola Universitaria de Estudos Empresariais polo que se lle denegou a admisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular na materia “Matemáticas”.
6. Resolución do recurso de alzada presentado polo alumno Javier Irigoyen Redondo contra o acordo da Xunta da Escola Universitaria de Estudos Empresariais polo que se lle denegou a admisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular na materia “Matemáticas”.
7. Presentación do Plan de Sostibilidade e Medio Ambiente.
8. Resolución do recurso de alzada presentado por D. Jorge Juan Gómez Gude.
9. Resolución do recurso de alzada presentado por D. Manuel Angel García Fernández.
10. Resolución do recurso de alzada presentado por D. Gerardo M. Peláez Lourido.
11. Resolución do recurso de alzada presentado por D. Jose Enrique Pérez Rodríguez.
12. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento como Doutor Honoris Causa de D. Timothy J. Kehoe.
13. Aprobación, se procede, do Curso de Especialista en Dirección de Operacións.
14. Aprobación, se procede, de importes e aplicacións para a incorporación de remanentes de libre disposición.

15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de cooperación coa Fundação Universidade Estadual de Maringá (Brasil) – Convenio de cooperación coa Facultade Cenecista de Osorio (Brasil) – Convenio de colaboración coa Facultade Internacional de Curitiba (Brasil) – Convenio marco de cooperación coa Universidade dos Andes (Venezuela) – Convenio marco de colaboración coa Universidade Empresarial Siglo 21 (Arxentina) – Convenio marco de colaboración coa Universidade La Gran Colombia (Colombia) – Convenio marco de colaboración coa Universidade de Congreso (Arxentina) – Addenda ao convenio específico de colaboración coa Universidade de Zaragoza, relativa a distribución da segunda anualidade dos fondos do proxecto nanobiomed (consolider ingenio 2010) – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a promoción do acceso a ordenadores portátiles polos alumnos universitarios – Acordo xeral de colaboración coa Compañía de Radio-Televisión de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña – Convenio con FEUGA para a xestión delegada dos contratos de I+D+i e dos títulos propios de posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo.
16. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 23 de xullo de 2007.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se ten presentado un escrito de alegacións á acta por parte do Sr. Fariñas que non será tido en conta posto que está presentado fóra do prazo concedido polo Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno. Aproveita a ocasión para sinalar que a función do secretario do Consello de Goberno non é recoller textualmente as intervencións dos membros do mesmo senón un breve resumo. Se alguén quere que conste en acta de forma textual a súa intervención debe sinalalo así e aportala por escrito.

Punto 2.- Informe do reitor.

Informa, en primeiro lugar, do estado actual no que se encontra a nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. Na visita efectuada fai 15 días á Universidade, o Secretario de Estado de Universidades e Investigación anunciou que o proxecto de Real Decreto que regula este tema, tiña sido remitido xa ao Consejo de Estado para o seu informe, estimando que a súa publicación debería producirse en todo caso dentro do presente mes de outubro. Na última versión do Real Decreto non se aprecian cambios substanciais sobre os criterios de reforma que se foron avanzando nos últimos meses. Hai algunhas precisións na regulación do acceso aos másters, que parecen favorecer aos solicitantes con títulos estranxeiros, e algunha novidade de índole específica no capítulo de Disposicións Adicionais e Transitorias.

Pero, no fundamental, non hai cambios substantivos. O calendario segue como estaba previsto, estendendo o período de adaptación ata o final do curso 2009-2010. E, en canto ao inicio do proceso, establécese a posibilidade de que poida haber solicitudes de implantación de novas ensinanzas antes do 15 de febreiro de 2008. Estas solicitudes terían que ser verificadas obrigatoriamente no prazo máximo de 3 meses e, polo tanto, poderían entrar en vigor no curso 2008-2009.

Neste sentido, recorda o Sr. reitor que a Xunta de Galicia ten pendente a súa propia disposición regulamentaria, que, a partir do marco xeral definido por este Real Decreto, establecerá os criterios para proceder á adaptación do actual mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia e o ritmo a seguir na reforma dos planes de estudio. Así pois, nos meses de outubro e novembro terá que seguirse con atención esta reforma normativa para imaxinar despois o ritmo que máis lle conveña a esta Universidade.

Lembra tamén o Sr. reitor que o Secretario de Estado informou do avanzado estado de tramitación dos Decretos de Acreditación e Concursos de Profesorado, dando por feito que serán publicados tamén ao longo do presente trimestre.

En segundo e último lugar, informa o reitor dun novo trámite acontecido no asunto do Programa de Cátedras de I+D. O pasado 30 de xullo, o xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo notificoulle á Universidade un auto declarando a inexecución da Sentencia ditada neste procedemento por razóns legais, admitindo deste xeito os argumentos da Universidade de Vigo neste sentido. Deben saber tamén que este auto ten sido recorrido, o que traslada o asunto a unha fase posterior da que deberá entender o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Do concernente a Cidade Universitaria, o reitor sinala que non hai polo momento novidades que poida trasladar.

Punto 3.- Aprobación, se procede, de comisión de servizos.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que se trata da solicitude de Comisión de Servizos por un ano, solicitada pola Universidade de Alacante para o Profesor Titular de Universidade da área de Dereito Penal D. Isidoro Blanco Cordero. Cóntase cos informes favorables do Consello de Departamento de Dereito Público e da COAP do pasado 18 de setembro de 2007.

Apróbase por asentimento.

Punto 4.- Aprobación, se procede, de prazas a prover mediante concurso de acceso entre habilitados.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón que se solicitan as seguintes prazas, informadas favorablemente pola COAP do 18 de setembro: unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Edafoloxía e Química Agrícola (240) (Departamento C02 Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo). O Investigador Ramón y Cajal D. Manuel Arias Estévez acadou habilitación. Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Estatística e Investigación Operativa (265) (Departamento C05 Estatística e Investigación Operativa). O Profesor Visitante a Tempo Completo D. Javier Roca Pardiñas acadou habilitación.

Apróbanse por asentimento.

Punto 5.- Resolución do recurso de alzada presentado polo alumno Javier Barreiro Ricón contra o acordo da Xunta da Escola Universitaria de Estudos Empresariais polo que se lle denegou a admisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular na materia “Matemáticas”.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que a COAP, na súa reunión do pasado 18 de setembro, elaborou o informe favorable que se aporta na documentación. O informe favorable susténtase no feito de que a cualificación media do alumno na materia iguala a nota de corte que a COAP establece en función da porcentaxe de aprobados da mesma nos derradeiros cinco cursos.

Apróbase por asentimento.

Punto 6.- Resolución do recurso de alzada presentado polo alumno Javier Irigoyen Redondo contra o acordo da Xunta da Escola Universitaria de Estudos Empresariais polo que se lle denegou a admisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular na materia “Matemáticas”.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen expón que a COAP, na súa reunión do pasado 18 de setembro, elaborou o informe favorable que se achega na documentación. O informe favorable susténtase no feito de que a cualificación media do alumno na materia supera a nota de corte que a COAP establece en función da porcentaxe de aprobados da mesma nos derradeiros cinco cursos.

Apróbase por asentimento.

Punto 7.-Presentación do Plan de Sostibilidade e Medio Ambiente.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Planificación quen expón as liñas básicas do Plan de Sostibilidade e Medio Ambiente de acordo co que consta no **anexo 1**.

Punto 8.- Resolución do recurso de alzada presentado por D. Jorge Juan Gómez Gude.

Están invitados o director do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación, o Prof. Manuel Deaño Deaño e o interesado o Prof. Jorge Juan Gómez Gude.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen inicia a súa intervención cun resumo dos feitos que deron lugar á presentación deste recurso.

Trátase dun recurso de alzada presentado polo Prof. Gómez Gude contra o acordo do Consello Extraordinario do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación de 5 de xullo de 2007, no que se acorda o cambio de sede do Departamento.

Neste recurso o recorrente impugna ese acordo do Consello de Departamento, alegando votación irregular pola existencia dun voto indebido por parte dunha persoa que non é membro do Consello de Departamento.

O informe de asesoría xurídica parte da consideración de que o exercicio do dereito de voto é exclusivo dos membros dos órganos colexiados (neste caso do Consello de Departamento) e que os acordos deben ser adoptados por maioría de votos deses membros. Neste suposto, o acordo de cambio de sede do Departamento foi adoptado mediante votación secreta cun resultado de 5 votos a favor, 5 en contra e 4 en branco, sendo resolto o empate co voto de calidade do Presidente. Aparece computado como voto o emitido por D. Juan Sepúlveda Gradín, que non é membro do Consello de

Departamento, segundo consta na relación de membros remitida polo propio Director do Departamento.

A votación irregular leva a nulidade do acordo adoptado o que supón a retroacción do procedemento, polo que debe celebrarse unha nova votación polos membros do Consello de Departamento conforme ao procedemento establecido.

Por este motivo a proposta que se fai a este Consello de Goberno é estimar o recurso presentado, anulando o acordo.

Intervén o Director do Departamento de Psicoloxía Evolutiva, Prof. Deaño, quen, despois de agradecer a invitación para acudir ao Consello de Goberno, alega que unha vez coñecida a impugnación presentada, revisou a acta e comprobou que efectivamente os actos ocorreran no senso alegado polo recorrente. Polo tanto, está de acordo co recollido no informe da Asesoría Xurídica.

O Prof. Gómez Gude pide a palabra seguidamente para ratificarse no contido do seu escrito e renuncia a facer mais intervencións, aínda que considera de xustiza, no relativo á administrativa do Departamento, manifestar a súa incomodidade polo e-mail remitido polo Director de Departamento que imputa o erro á administrativa, cando é unha persoa responsable e traballadora. O Director do Departamento replica sinalando que a manifestación do Prof. Gómez Gude non se axusta á realidade e que non quere entrar no tema pero que como director do Departamento convocou aos membros do mesmo e nada máis.

O reitor intervén para sinalar que en relación a este tema houbo un malentendido que se pode resolver convocando novamente o consello de Departamento como di a asesoría xurídica.

Apróbase por asentimento.

Intervén o Sr. Mollinedo para sinalar que o cambio de sede dun Departamento pode levar un cambio na estabilidade do PAS correspondente.

O Prof. Mejuto, pola súa parte, sinala que o Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Psicoloxía Evolutiva establece que o Departamento poderá cambiar de sede dependendo da carga docente do Director do mesmo, polo que considera que non é necesario convocar un Consello para votar o cambio, senón que basta con aplicar a norma.

O reitor resposta que do que se trata neste momento é de resolver un recurso presentado sen entrar en outras consideracións.

Punto 9.- Resolución do recurso de alzada presentado por D. Manuel Angel García Fernández.

Está invitado o interesado, Prof. Manuel Ángel García Fernández, a directora do Departamento de Tradución e Lingüística xa é membro do Consello de Goberno.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de alzada presentado polo Prof. García Fernández contra os criterios emitidos pola Comisión específica de Área das prazas 71-H12-814-A4-01 e 02 do Departamento de Tradución e Lingüística, o día 16 de xullo de 2007.

O informe de asesoría xurídica entende que este recurso debe ser inadmitido posto que a emisión de criterios pola comisión específica de área é un acto de trámite que non decide o fondo do asunto e contra o que non cabe recurso neste momento do procedemento. O interesado poderá impugnar calquera acto da comisión específica da área que considere que infrinxe a normativa no momento no que se dite o acordo de adxudicación.

Polo tanto, a proposta que se fai a este Consello de Goberno é a inadmisión do recurso presentado.

Intervén o Prof. García Fernández para anunciar que presentará o recurso no momento da adxudicación da praza, porque os criterios establecidos pola Comisión non responden ao interese xeral nin do Departamento nin da Universidade.

Apróbase por asentimento.

Punto 10.- Resolución do recurso dealzada presentado por D. Gerardo M. Peláez Lourido.

Está invitado o interesado, Prof. Gerardo M. Peláez Lourido e o Director do Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos, D. Jorge Carlos Morán González.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen expón que se trata dun recurso de alzada presentado polo Prof. Peláez contra a Resolución Reitoral pola que se convocou o primeiro concurso público de profesorado para o curso académico 2007/08 e que impugna tamén os acordos de Consello de Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos, de 2 e 8 de maio de 2007.

Os motivos nos que se fundamenta o recurso concréntanse na falta de inclusión na orde do día do Consello de Departamento de 2 de maio de 2007, da aprobación da saída a concurso da praza de profesor contratado de referencia 71-T03-545-A5-01, no que figura como un dos puntos da orde do día a aprobación, se procede, do POD correspondente ao curso 2007/08. Asemade se alega que o Consello de Departamento non ten facultade xurídica para aprobar os tribunais que xulgarán as prazas, polo que o acordo do Consello de Departamento do día 8 de maio de 2007 é nulo.

Para a resolución deste recurso, a asesoría xurídica da Universidade, fai unha diferenciación entre a impugnación dos acordos de Consello de Departamento e da Resolución Reitoral que convoca o primeiro concurso de profesorado.

No que respecta á impugnación dos acordos de Consello de Departamento, debe terse en conta que os mesmos son de 2 e 8 de maio de 2007 e o Prof. Peláez presentou o recurso de alzada o día 5 de xullo de 2007, superándose deste xeito o prazo de 1 mes previsto na Lei de Procedemento Administrativo para a presentación dos recursos de alzada. En consecuencia, esta impugnación debe ser inadmitida por atoparse fóra de prazo.

No relativo á impugnación da Resolución Reitoral pola que se aprobou o primeiro concurso de profesorado, o único motivo que se alega polo recorrente é a posible irregularidade nos Consellos de Departamento de 2 e 8 de maio, respecto dos cales o recorrente deixou transcorrer o prazo do recurso de alzada. Polo tanto, no habendo outros motivos que fundamenten a ilegalidade da resolución reitoral, se entende que o recurso debe ser desestimado.

En conclusión a proposta que se fai a este consello de Goberno é a desestimación do recurso presentado.

Intervén o Director do Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos, Prof. Morán para matizar algunha das cuestións presentadas polo recorrente. Así, expón que o seu departamento está formado por tres áreas, sendo un dos principios de actuación a autonomía de área; utilízase a figura do coordinador de área e normalmente antes da aprobación do POD hai reunións informais sobre o mesmo. Neste ano, ante o exceso no POD da área de mecánica, a vicerreitoría propuxo como solución a convocatoria dunha praza de asociado. De acordo coa forma de actuar habitual do Departamento convocouse ao coordinador da área e despois leváronse os acordos ao Consello de Departamento e alí todo se resolveu sen que o Prof. Pelaez presentase ningún problema. O mesmo ocorreu cos tribunais xulgadores das prazas que se aprobaron en Consello de Departamento sen problemas.

Replica o Prof. Peláez, despois de agradecer a invitación para participar no Consello de Goberno, facendo una crítica xeral sobre a figura de coordinador de área e a forma de actuar na súa área, en canto ten información privilexiada fronte aos restantes membros da área e, ao ser as reunións de carácter informal, en ocasións no se coñece a saída de prazas. Expón tamén a existencia doutros problemas colaterais, como pode ser a petición de bolseiros por parte do coordinador de área.

O reitor intervén alegando que o recurso debe ser inadmitido por estar fóra de prazo e non é posible entrar no fondo do asunto.

Apróbase por asentimento.

Punto 11.- Resolución do recurso de alzada presentado por D. Jose Enrique Pérez Rodríguez.

Está invitado o interesado, Prof. José Enrique Pérez Rodríguez, que non asiste ao consello.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de alzada presentado polo Prof. Pérez Rodríguez contra o acordo do Consello de Departamento de Tradución e Lingüística de 9 de maio de 2007 polo que se aproba o POD para o curso 2007/08.

O motivo da impugnación dese acordo é a utilización do criterio da antigüidade administrativa dentro do corpo para adxudicar a docencia na materia de Informática aplicada á Tradución.

Tendo en conta que o recurso de alzada foi presentado o 9 de xullo e o acordo que se recorre é de 9 de maio, asesoría xurídica propón no seu informe que se inadmita o recurso por estar fóra do prazo de 1 mes previsto na Lei de Procedemento Administrativo.

Por tanto, a proposta que se fai aos membros de consello de Goberno é inadmitir o recurso.

Apróbase por asentimento.

Punto 12.- Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento como Doutor Honoris Causa de D. Timothy J. Kehoe.

Está invitado o Prof. Carlos de Miguel, Director do Departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas, como propoñente da concesión do título de Doutor Honoris Causa a Timothy J. Kehoe.

O reitor expón que se teñen cumprido todos os requisitos que esixe a normativa e todos os membros de Consello de Goberno teñen a súa disposición o curriculum do candidato, así como a memoria xustificativa da súa proposta e as adhesións dos Departamento do ámbito xurídico-social e as Facultades de Ciencias Xurídicas e do Traballo e Económicas e Empresariais de Vigo.

Cédese a palabra ao Prof. Carlos de Miguel quen primeiramente agradece aos Departamentos do ámbito o apoio prestado á súa proposta de nomeamento de Doutor Honoris Causa e a continuación fai unha exposición dos motivos que deron lugar á presentación desta proposta, que se recolle no **anexo 2**, rematando a súa intervención indicando que se propón como padriño ao Prof. José M^a Rocha.

Apróbase por asentimento.

Punto 13.- Aprobación, se procede, do Curso de Especialista en Dirección de Operacións.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que a proposta de curso foi examinada e informada favorablemente pola COAP na súa reunión do pasado 18 de setembro.

Apróbase por asentimento.

Punto 14.- Aprobación, se procede, de importes e aplicacións para a incorporación de remanentes de libre disposición.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen expón os importes e aplicación para a incorporación de remanentes que se relacionan a continuación:

Programa 300S “SERVICIOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA”

Orgánica 0000 300S 227.06 (Estudios e traballos técnicos)	40.000,00€
REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 300S	40.000,00€

Programa UNIT 300S “Unidade Técnica ”

UNIT 300S 623 (Maquinaria, instalacións e utensilios)	50.000,00€
UNIT 300S 640.09 (Plan de seguridade de laboratorios)	30.000,00€
REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA UNIT 300S	80.000,00€

Programa 300V “Innovación e calidade”

0000 300V 640.07 (Programa de innovación enerxética) 20.000,00€
REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 300V 20.000,00€

Programa 122P “Proxectos de investigación con financiamento externo”

0022 122P 648.02 (Contratos I+D+i) 750.000,00€
REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 122P 750.000,00€

Programa 122B “Biblioteca Universitaria”

0022 122B 221.01 (De servizos administrativos) 15.000,00€
REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 122B 15.000,00€

Programa 211D “Docencia e alumnado”

0000 211D 482.01 (Bolsas comedor) 214.204,00€
REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 211D 214.204,00€

Programa 300C “Servizos Xestión Descentralizada”

0018 300C 280.02 (Calidade docente nos centros) 3.360,00€
REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 211L 3.360,00€

Programa 211L “Actuacións para a converxencia co EEES”

0000 211L 640 (Programas Universitarios) 140.000,00€
REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 211L 140.000,00€

IMPORTE TOTAL APLICADO 1.262.564,00€

Apróbase por asentimento.

Punto 15.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de cooperación coa Fundación Universidade Estadual de Maringá (Brasil) – Convenio de cooperación coa Facultade Cenequista de Osorio (Brasil) – Convenio de colaboración coa Facultade Internacional de Curitiba (Brasil) – Convenio marco de cooperación coa Universidade dos Andes (Venezuela) – Convenio marco de colaboración coa Universidade Empresarial Siglo 21 (Arxentina) – Convenio marco de colaboración coa Universidade La Gran Colombia (Colombia) – Convenio marco de colaboración coa Universidade de Congreso (Arxentina) – Addenda ao convenio específico de colaboración coa Universidade de Zaragoza, relativa a distribución da segunda anualidade dos fondos do proxecto nanobiomed (consolider ingenio 2010) – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a promoción do acceso a ordenadores portátiles polos alumnos universitarios – Acordo xeral de colaboración coa Compañía de Radio-Televisión de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña – Convenio con FEUGA para a xestión delegada dos contratos de I+D+i e dos títulos propios de posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo.

Apróbanse por asentimento.

Punto 16.- Rogos e preguntas.

O Sr. Fariñas, explica, que aínda que xa se mellorou na ampliación dos horarios de apertura das bibliotecas da universidade, como no caso do Campus de Ourense, onde a raíz da súa intervención se procedeu a apertura da mesma os fins de semana en época de exames, feito este que tivo moi boa acollida entre o alumnado e que e moi de agradecer, pero que hai que seguir mellorando neste senso polo que roga que se amplíen estes horarios nos seguintes termos:

Actualmente no período de exames de setembro, a biblioteca comeza a súa apertura en horario nocturno ao inicio do mes de setembro, (neste curso do 3 ao 14 de setembro), pero a realidade e que os alumnos que se van examinar na convocatoria de setembro a partir do 15 de agosto xa empezan a acudir masivamente as bibliotecas de estudo da universidade, polo que sería moi de agradecer que esta ampliase as datas de apertura como mínimo a última semana do mes de agosto para dar aos alumnos a posibilidade de aproveitar máis o tempo nas bibliotecas utilizadas para o estudo, aínda que o ideal sería comezar esta apertura a partir do 15 de agosto.

Tamén roga, que sería recomendable ampliar o horario habitual de apertura das bibliotecas, no sentido, de que estás teñen marcada a hora de peche as 21:00 horas principalmente, pero a realidade e que o persoal das mesmas, as 20:30 horas xa esta pedindo aos alumnos que alí se encontran estudando que empecen a recoller para dar tempo o proceso de peche e desaloxo das mesmas. Tendo en conta que en casos como o Campus de Ourense onde os edificios e as aulas se imparten ata as 22:00 horas ou o polideportivo que acertada e beneficiosamente para todos abre ata as 23:00 horas, entendo que se debería como mínimo ampliar este horario unha hora, para que os alumnos poidan aproveitar os recursos das bibliotecas o maior número de horas posible, pechando as bibliotecas as 21:30 horas como mínimo.

O vicerreitor de Planificación toma nota tamén desta petición para falar co director de Biblioteca.

O Sr. Fariñas, pregunta como quedou unha cuestión que xa presentou no Consello de Goberno con anterioridade e que en principio pareceulle que podía ser aceptada polas impresións recollidas, e que consistía en suprimir o custe de 30 euros aproximadamente, que se lle estaba cobrando aos alumnos estranxeiros que viñan a estudar a Universidade de Vigo a hora de facer a matrícula en concepto de apertura de expediente e outros.

A secretaria xeral toma nota para estudar o tema.

O Sr. Fariñas, roga que se tomen medidas co aparcamento incontrolado e masificado de camións de gran tonelaxe no Campus de Ourense, concretamente no Campus Sur, que en ocasións o fan en liña cando o sentido marcado para aparcar é en batería, impedindo os estudantes poder aparcar con normalidade, aínda que o máis preocupante de todo iso é a inseguridade que provocan cando ata 5 camións seguidos aparcan na parte alta ao lado da biblioteca central, xa que crean unha gran inseguridade, que non ten constancia de ningún incidente, pero que se debería atallar esta situación canto antes, para evitar que no futuro algún estudante puidera sufrir algún incidente ou agresión debido a esta inseguridade.

Que entende as dificultades en tanto en canto a titularidade das rúas do Campus, pero ao mellor con un entendemento co concello ou colocando por parte da universidade unha sinal de prohibido aparcar camións era suficiente.

Entrase nun debate sobre o tema entre o vicerreitor de Ourense e o Sr. Fariñas, concluíndose que se estudará o tema para, en su caso, adoptar as medidas oportunas.

O Sr. Fariñas, pregunta cando toca falar do prezo das residencias universitarias, que o quixo presentar o ano anterior e lle dixeron que ese era un debate que estaba por vir, xa que entende que o prezo das mesmas é demasiado elevado.

Por último, o Sr. Fariñas, agradece o reitor e o vicerreitor de Relacións Institucionais, o esforzo e a xestión feita neste curso para a baixada do prezo dos cursos do Centro de Linguas da universidade que se sitúa este curso en 135 € para membros da comunidade universitaria fronte aos 180 € do curso anterior. Agradece que ao final se tiveran en conta as súas reiteradas peticións neste senso.

Propón que na medida do posible e aínda que a idea non é súa, se premie aos alumnos que unha vez feito un curso do Centro de Linguas, de iniciación do 1º cuadrimestre se lles baixe aínda máis o prezo ou se imparta gratis o curso de perfeccionamento correspondente ao 2º cuadrimestre.

O vicerreitor de Relacións Institucionais toma nota do tema para o seu estudio.

O Sr. Quintela intervén para manifestar a súa queixa pola suba das taxas e que de seguir subindo o CAEF adoptará medidas e accións. Tamén comenta que o servizo de VITRASA é moi deficiente con retrasos e nas horas punta xente que se queda nas paradas sen poder subir ao autobús.

O reitor resposta que o tema das taxas é complicado; as taxas supoñen un 12% do orzamento da Universidade, pero non é competencia da mesma senón da Comunidade Autónoma. En relación a VITRASA, a relación directa é entre o Concello e VITRASA e a Universidade non ten esa relación directa. Téñense feito moitas xestións para mellorar o servizo pero sempre é a través do Concello e non directamente. Neste momento a vicerreitora de Economía ten preparada unha entrevista co novo Concelleiro de Tráfico para falar do tema.

Debátese destes dous temas entre o reitor e o Sr. Quintela.

Intervén o Sr. Muñoz para preguntar se se ten analizada a razón de que a Universidade de Vigo ten menos bolsas de colaboración concedidas que as outras Universidades galegas na convocatoria de bolsas de colaboración da Xunta de Galicia.

A vicerreitora de Estudantes resposta que xa estivo analizando o tema, e que os factores que teñen influído no diferente número de becas concedidas é que a nota media que se pide aos alumnos é moi alta e que estes prefiren presentarse á convocatoria do MEC antes que a da Xunta. A vicerreitora considera moi necesaria a colaboración dos Departamentos para animar aos alumnos a presentarse.

O Sr. Muñoz continúa no uso da palabra para expoñer o problema que teñen coa Secretaría do Decanato, xa que a administrativa estivo de baixa un ano e tanto ela, que xa está de volta, como a súa substituta teñen dereito a vacacións. Ante isto, e tendo en conta que as vacacións non se cobren, solicita que a xerencia poida prever solucións especiais para situacións de carácter excepcional como pode ser esta.

Tómase nota da petición.

Intervén o Prof. Berrocal para manifestar a súa queixa pola falta de eficacia do Negociado de Terceiro Ciclo, con situacións moi complicadas que se van resolvendo coa boa vontade de todos e cun incumprimento sistemático dos prazos, nesta liña expón exemplos concretos desta ineficacia: ampliación de prazo de matrícula de tese, falta de actas do DEA, e de primeiro e segundo ano, erros na web.

A vicerreitora de Titulación e Convergencia Europea resposta que ese tipo de situacións se dan pero non é o habitual, e os problemas xorden en moitas ocasións pola descoordinación entre os Departamentos e o Negociado de Terceiro Ciclo. Neste momento se está en proceso de mellora e será de gran axuda a nova plataforma de xestión que se está a preparar.

Continúa o Prof. Berrocal para manifestar que é necesario, agora que se está elaborando un plan estratéxico e que xa que contamos cunha unidade de calidade, adoptar medidas para mellorar a eficiencia administrativa, debéndose facer un esforzo de maior apoio administrativo, que se podería concretar en contratar mais PAS e non profesores. Para refrendar a súas verbas expón exemplos de falta de eficacia en relación á xestión de asuntos económicos, investigación ou servizos informáticos.

O reitor, resposta que, ao marxe dos exemplos, entende que se trata dunha asignatura pendente porque debe terse en conta que a Universidade en cinco anos ten dobrado o seu orzamento o que esixe unha resposta adecuada por parte dos órganos de goberno da Universidade.

Polo tanto, farase todo o que sexa posible e neste contexto anuncia que en xaneiro haberá novo equipo xerencial.

O Prof. Berrocal intervén novamente para sinalar que en relación ás enquisas de avaliación de profesorado fíxose unha reclamación por parte dun profesor que alegaba que non dera clases prácticas e se lle contestou que no POD do Departamento figuraba así e iso carece de sentido, posto que si un profesor di que non impartiu determinada materia, iso é o que debe ser tido en conta. A maiores, sinala que hai medias ponderadas en relación co número de respostas pero no en relación co número de créditos impartidos, e entende que isto debería ser tido en conta.

O vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade resposta, en relación coa primeira cuestión, que so existen 28 reclamacións de profesores que, pese a figurar no POD, alegan que non impartiron a materia de que se trata. E que nestes casos o problema pode ser polas modificacións do POD ao longo do curso.

Debátese neste punto entre o vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade e o Prof. Berrocal, concluíndose que se ten en conta normalmente a última versión do POD aprobada polo Departamento.

En relación á segunda cuestión presentada, o vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade resposta que os criterios ponderados para as enquisas están aprobados en COAP e Consello de Goberno, pero neste momento non ten moito sentido entrar nun debate sobre estes criterios posto que o programa DOCENTIA supón un novo modelo de enquisa, aínda que non está aprobado pola ACSUG.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:15 horas do día 3 de outubro de 2007 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor


O reitor



Alberto Gago Rodríguez



A secretaria xeral



Esther Mª González Pillado

